



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia, 7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASES PARA O CONCURSO DE CARTEIS “FEIRA CELTA 2015”

1.- O presente Concurso ten como obxecto a elección do cartel oficial da Feira Celta 2015. O cartel deberá ter unha temática relacionada co mundo celta, castrexo e a súa vinculación destes coa nosa feira e o noso Concello.

2.- O formato do cartel será de sesenta e cinco centímetros de alto por cincuenta de ancho. Levará o seguinte texto:

**Feira Celta 2015
Porto do Son
24, 25 e 26 de xullo**

Fixado no taboleiro de edictos
o dia 21 de Maio de 2015
Retirado
o diade.....de 20.....
O/A Funcionario/a

Os traballos deberán ir montados sobre un soporte ríxido para a súa valoración polo xurado e a súa posible exposición posterior, e presentaranse convenientemente embalados (deberase entregar tamén en formato dixital). Non se admitirán carteis con errores ou que cambien o sentido da información.

3.- Poderán participar autores nacionais e estranxeiros, cun máximo dunha obra orixinal e inédita de técnica libre.

4.- O prazo de admisión dos traballos será ata o **18 de xuño** (incluído).

5.- Os traballos presentaranse:


- No rexistro do Concello de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas ou ben
- Por correo certificado en cuxo suposto presentarase nas Oficinas de Correos a sobre aberto para ser datadas e seladas polo funcionario de Correos antes de ser remitidas. Os participantes no concurso deberán enviar a instancia que teña o selo da Oficina de Correos, sen que poida admitirse pasado o prazo de presentación de instancias. Todos aqueles que se decanten por esta opción deberán remitir un Fax no prazo de admisión dos traballos (ata o 18 de xuño) ao 981767758.

7.- Os carteis presentaranse sen sinatura do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito na parte traseira do cartel. A autoría do cartel non poderá facerse pública en ningún momento do proceso do concurso.

Xunto ao cartel deberá entregarse un sobre pechado en cuxo exterior figurará o lema do cartel. No interior deberá constar o nome e apelidos do autor, enderezo, número de teléfono, fotocopia do Documento Nacional de Identidade, un breve currículo profesional do autor, unha declaración firmada na que o autor indique que a obra presentada é orixinal e inédita e unha declaración expresa de coñecemento e aceptación das bases (ver Anexo I)

8.- A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas no Concurso.

9.- Os gastos de envío e devolución das obras serán por conta dos concursantes.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia, 7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P15072008
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

10.- Transcorrido o prazo de trinta días hábiles dende a resolución do Concurso, sen que os autores dos traballos non seleccionados os recollan, entenderase que renuncian aos mesmos.

O Concello de Porto do Son poderá dispoñer libremente deles, sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase.

Para a devolución do cartel (sempre por conta do concursante) deberán poñerse en contacto coa Oficina de Cultura do Concello de Porto do Son.

11.- O Concello de Porto do Son resérvase a facultade de insertar o escudo do Concello no cartel anunciador e de modificar ou substituír o escudo que apareza no orixinal, así como de variar o emprazamento do mesmo na composición definitiva do cartel premiado.

12.- O Xurado estará composto por persoal de recoñecido prestixio no ámbito cultural que seleccionará a obra gañadora. O gañador darase a coñecer na páxina web unha vez finalizado o prazo establecido.

14.- Establécese un único premio dotado con **300 euros**. Pedirase o número de conta ao único gañador do concurso para facer efectivo o pagamento. O resultado do concurso será comunicado persoalmente ao gañador e publicarase na páxina web do Concello, televisión local e prensa escrita.


15.- Mediante o pago do premio, o Concello de Porto do Son adquire o cartel gañador e o autor cede a obra ao Concello que adquire a totalidade dos dereitos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderase libremente proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación segundo o prazo sinalado no artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible, ou intanxible, comprendendo, todas e cada unha das modalidades de explotación, incluíndose os dereitos de reproducción en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra, para a súa explotación comercial en todo o mundo. Queda expresamente incluída a emisión e transmisión *online* das obras e a súa posta a disposición a través das redes dixitais interactivas, tipo Internet.

16.- O Concello poderá organizar (ou organizará, no seu caso) unha exposición cos traballos presentados. Esta decisión comunicarase aos autores e haberá de prazo un mes para retirar as obras dende o remate da exposición. Transcorrido ese prazo pasarán á propiedade do Concello xunto con todos os dereitos de propiedade intelectual inherente ás mesmas. Os autores das obras exhibidas que non obtiveran premio algúns non terán dereito a contraprestación económica algúns, áinda que na exposición indicarase a súa autoría.

17.- A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado.

Porto do Son, 14 de maio de 2015

O Alcalde



2016

José Luis Oujo Pouso



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia, 7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Anexo I

D/D^a..... con DNI, en nome propio ou en representación de D/D^a, con enderezo para notificacións en, teléfono e correo electrónico

EXPÓN:

Que tivo coñecemento da convocatoria do “Concurso de Carteis Feira Celta 2015” convocado polo Concello de Porto do Son.

SOLICITA:

Participar no “Concurso de Carteis Feira Celta 2015”, para o que **declara de xeito responsable:**

- a) Que coñece a acepta íntegra e expresamente as bases que rexen o “Concurso de Carteis Feira Celta 2015”
- b) Que a obra que presenta ao concurso e que ten o lema “.....” é orixinal e inédita.

(Lugar, data e sinatura).